

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA COOPERATIVA DE CONSUMO RESPONSÁBEL EIRADO

Sendo "Eirado Sociedade Cooperativa Galega" unha sociedade cooperativa de persoas consumidoras e usuarias como parte dun proxecto sociocultural enmarcado nos principios dunha economía social, ecolóxica e solidaria

Sendo competencia da asemblea xeral a elaboración, aprobación e/ou modificación dun regulamento de réxime interno da cooperativa

E que, segundo o artigo 14 dos estatutos de "Eirado Sociedade Cooperativa Galega", as obrigas das persoas socias son:

- a. Asistir ás reunións da Asemblea Xeral e dos demais órganos para as que fosen convocadas.*
- b. Cumprir os deberes legais e estatutarios así como os acordos validamente adoptados polos órganos sociais da cooperativa.*
- c. Non realizar actividades competitivas coas propias desenvolvidas pola cooperativa, agás autorización expresa do órgano de administración.*
- d. Gardar segredo sobre aqueles asuntos e datos da cooperativa dos que a divulgación poida prexudicar os intereses dela.*
- e. Desembolsar as súas achegas ao capital social nas condicións previstas.*
- f. Participar nas actividades de formación.*
- g. Aceptar os cargos para os que fosen elixidas ou elixidos, agás xusta causa.*
- h. Contribuír a un propicio clima social e a unha respectuosa convivencia nas relacións, tanto cos cargos directivos, como coas demais persoas socias.*
- i. No caso da persoa socia usuaria, ademais das obrigas anteriores deberá consumir na cooperativa produtos ou servizos por un importe mínimo anual de cincuenta euros.*
- j. No caso da persoa socia de traballo, ademais das obrigas anteriormente relacionadas deberá participar na actividade da cooperativa mediante o seu traballo persoal durante as horas e días que fixe a Asemblea Xeral, agás liberación temporal da dita obriga por parte do Consello Reitor por causa xustificada e logo de solicitude motivada da persoa socia afectada.*

EXPONSE

Que Eirado non é unha asociación onde cada socia/o aporta o traballo ou tempo que quere ou dispón. Eirado é unha cooperativa que implica unha carga de traballo considerable que ten que ser realizada polos seus socios/as.

*Que para incentivar a participación das persoas socias a cooperativa define unha **cota mínima de traballo** definida en virtude dos seguintes puntos:*

- 1. todas as persoas socias deberán participar dalgunha das comisións de traballo definidas no seo da cooperativa.*
- 2. as comisións de traballo, a través da coordinación de dúas persoas escollidas a tal efecto, farán unha distribución equitativa das tarefas comprometidas, de forma que todas as persoas asignadas á comisión desenvolvan algunha.*
- 3. as tarefas asignadas a cada unha das persoas socias en cada comisión decidiranse en reunións específicas das comisións de traballo, sendo obrigatorio o desenvolvemento destas tarefas por parte das persoas socias.*
- 4. a participación nas comisións de traballo será rotatoria, coñecéndose así o funcionamento íntegro da cooperativa por todas as persoas socias.*
- 5. as rotacións obrigatorias ligadas á distribución de tarefas nas comisións non serán excluíntes da participación activa e voluntaria noutras comisións de traballo.*
- 6. as persoas asociadas poden desenvolver as tarefas asignadas a través do resto de integrantes (familia, veciñanza, etc.) da súa unidade de consumo.*
- 7. os/as coordinadores/as das comisións de traballo e as persoas elixidas para o Consello Reitor da cooperativa terán cuberta a súa cota mínima de traballo co*

desenvolvemento das tarefas ligadas ao seus respectivos cargos.

8. estarán exentas da cota mínima de traballo as unidades de consumo en excedencia e outras unidades de consumo que así o soliciten e xustifiquen (enfermidade, maternidade, etc.), sendo o Consello Reitor o órgano da cooperativa encargado de tomar a decisión sobre dita excedencia.

En caso de incumprimento e/ou conflito sobre calquera dos puntos anteriores, aquelas persoas co cargo de coordinadores/as das comisións de traballo informarán ao Consello Reitor, que será quen de tomar as medidas pertinentes segundo os artigos 18, 19, 20, 21 e 22 dos estatutos de "Eirado Sociedade Cooperativa Galega".

En Santiago de Compostela, a 2 de maio de 2010